

MARZO AMBIENTAL 2025

MEMORIA DE ACTIVIDADES



Oficina de Sustentabilidade
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Índice

	Páxina
1. Proxecto <i>Educando para a Sustentabilidade</i>	2
2. Marzo Ambiental 2025	3
3. Programa	3
4. Actividades MA'25	5
Mesas Redondas	Páx. 6
Palestras	7
Obradoiros	15
Voluntariado e Visita técnica	18
Exposicións	19
5. Participación e avaliación	25
5.1. Alcance, horas de formación e participación	25
5.2. Valoración das persoas participantes	27

1. Proxecto Educando para a Sustentabilidade

A Oficina de Sustentabilidade desenvolve actividades centradas na educación e divulgación ambiental. O proxecto *Educando para a Sustentabilidade* reúne as accións centradas neses campos, co obxectivo de formar á comunidade universitaria e á cidadanía para a súa participación na sustentabilidade ambiental e social.

O ciclo *Marzo Ambiental*, enmarcado na iniciativa *Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio*, dálle especial relevancia a este proxecto, do que é unha parte fundamental.

2. Marzo Ambiental 2025

O ciclo de formación e sensibilización ambiental durante o mes de marzo, estivo composto por palestras, obradoiros, mesas redondas, visitas técnicas e voluntariado ambiental.

As actividades do *Marzo Ambiental 2025* trataron cuestións diversas, entre elas destacaron as seguintes temáticas:

Pegada ecolóxica e hídrica | Repair café | Intelixencia Artificial verde

Alimentación saudable | Medio ambiente e saúde | Residuos

Compostaxe | Proxecto ríos | Economía sustentable e circular

3. Programa

Do 6 ao 31 de marzo ofertáronse un total de 33 actividades na UDC. Aínda que 9 delas tiveron que ser canceladas por inscricións insuficientes (o 27% da programación), a restante programación contribuíu á consolidación do 8º ciclo Marzo Ambiental na Universidade da Coruña.

O programa completouse coa localización de 8 exposicións con temática de sustentabilidade en Facultades e Escolas da universidade, das que dúas delas foron o resultado de concursos de fotografía coas temáticas de “Flora e fauna na contorna da UDC” e de “Bioarte”. Estas dúas exposicións alongaron o tempo de visita libre durante todo o mes de abril.

O seguinte calendario mostra as actividades do Marzo Ambiental 2025:



Difusión

A difusión do proxecto comezou coa solicitude de propostas para o programa aos comités Green Campus dos centros docentes da UDC. Desta forma, abriuse a temática da sustentabilidade a cada disciplina de ensino.

Deseñada para este evento pola bolsa da OdS, a imaxe da capa desta memoria acompañou as publicacións de redes sociais e web para divulgar o Marzo Ambiental 2025. O cartaz en papel foi distribuído polos centros da UDC. Ademais, o grupo de persoas bolsa Green Campus deseñou cartaces específicos para moitas actividades.

Toda a información estivo dispoñible online na web da OdS-UDC, no apartado específico [“Educando para a sustentabilidade”](#) e tamén no apartado de [“Actualidade”](#). A información semanal do programa enviouse ao alumnado a través do *Boletín do estudiantado*, correo informativo da UDC que achega as novas da universidade a través dun correo-e semanal, e enviouse tamén ao persoal traballador (PTXAS, PDI, PEC) a través das listas de distribución. Algúns dos centros implicados tamén fixeron divulgación interna das actividades que atinxían ao seu espazo.

Actualidade



Marzo Ambiental 2025
27 de febreiro de 2025 20:00
Do 6 ao 31 de marzo
Publicado por: Oficina de Sustentabilidade



Programa de préstamo de bicicletas na UDC: prazo de solicitude aberto do 14 ao 19 de febreiro
13 de febreiro de 2025 14:19
O obxectivo deste programa é o de promover o emprego da bicicleta como vehículo para a mobilidade sustentábel, facilitando o acceso a unha bicicleta a aqueles persoas interesadas en facer uso da mesma para desprazarse aos centros universitarios. ...
Publicado por: Oficina de Sustentabilidade



Resolución do concurso de acceso a hortas comunitarias da Universidade da Coruña, 2025
10 de febreiro de 2025 14:34
A comisión xestora das hortas comunitarias da Universidade da Coruña nos Campus de Elviña e de Ferrol, na súa reunión do día 10 de febreiro de 2025, ás 12 h, nas dependencias da Oficina de Sustentabilidade, no Ed. ...

> Captura de pantalla do apartado web ‘Actualidade OdS’:

https://www.udc.es/ql/sociedade/medio_ambiente/

MARZO AMBIENTAL · 2025



INSCRICIÓNS

Inscripcións abertas ata dous días antes da actividade. O día antes recibirás no teu correo-e os detalles e necesidades, e confirmación ou lista de agenda na actividade, en caso de contar con límite de prazos.

<https://forms.office.com/e/10KW13pDbaqf>



Oficina de Sustentabilidade
 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



PROGRAMA DE ACTIVIDADES

FERROL

- 11/03/2025, 16:00-18:00h. **Limpeza de praias.** Organiza GC Ferrol. Imparte Asoc. ADEGA. Lugar: praia de Caranza.
- 12/03/2025, 10:00-11:00h. **Palestra e práctica: Calcula a túa pegada ecolóxica.** Organiza GC Ferrol. Imparte Verónica Torrijos, Oficina de Sustentabilidade UDC. Lugar: Aula 0, BUD.
- 13/03/2025, 16:00-19:00h. **Obradoiro. Reparaí café.** Organiza Oficina de Sustentabilidade UDC. Imparte Susana San Frutuoso. Lugar: Aula -1.5, 5to. Edificio de Apoio ao Estudo.
- 14/03/2025, 17:30-19:00h. **Palestra e Visita á horta e área de compostaxe.** Organiza GC Ferrol. Imparte Asoc. Picos do Sol. Lugar: Punto de encontro diante da cafetería do Campus Estreito.
- 28/03/2025, 10:30-13:00h. **Visita EDAR Cabo Priorio.** Saída en autobús dende EPEF.

EXPOSICIÓNS FERROL

- Prato de Harvard. Edita Nutrición SL – UDC Saudable. Lugar: EPEF, Andar 0.
- Alimentación saudable e sustentable. Edita Nutrición SL – UDC Saudable. Lugar: Edificio de Apoio ao Estudo, 1º andar.

CORUÑA

- 06/03/2025, 16:00-17:00h. **Palestra. Método Arcén. Recoñecido como destacado avance científico e legado transcendental en ben da humanidade.** Organiza GC Fac. CC. Saúde. Imparte Jaime Parajo García. Lugar: Toamis.
- 07/03/2025, 12:00-13:00h. **Palestra Green is the New Black: Retos no desenvolvemento do software e a IA.** Organiza Cátedra UDC-Inditex IA on Algorithms verdes. Imparte Coral Calero, profesora UCLM. Lugar: Sala Cloud, CITIC.
- 10/03/2025, 16:00-17:30h. **Palestra e práctica. A comunidade das hortas da UDC.** Organiza Oficina de Sustentabilidade UDC. Imparte Xan Pouliquen, da Xestión Agrogandeira e Naturaza SL. Lugar: Parcelas das hortas comunitarias da UDC, Campus Elviña.
- 11/03/2025, 11:30-13:00h. **Palestra e práctica. Resíduos e compostaxe.** Organiza GC FCCEE. Imparte Verónica Torrijos, Oficina de Sustentabilidade. Lugar: Aula -1/3, Facultade CC. Educación UDC.

Imaxe do programa Marzo Ambiental 2025, dispoñible en:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/actividades/Programa-Marzo-Ambiental-2025-r.pdf 2063069239.pdf

4. Actividades

Nas seguintes páxinas móstranse as actividades desenvoltras, co seguinte código de cores:

Mesas Redondas	Páx. 6
Palestras	7
Obradoiros	15
Voluntariado e Visita técnica	18
Exposicións	19

As ciencias sociais en tempos de catástrofes

DATA: 18/03/2025

LUGAR: Fac. de Socioloxía.

ASISTENCIA: 18 persoas.



Mesa redonda que coordinou e presentou Carlos Diz, profesor da Facultade de Socioloxía e coordinador Green Campus na mesma. O tema central exposto foi a recente catástrofe acontecida pola DANA en Valencia, ligada con outros exemplos de crise climática e poñer en relevo as ciencias sociais na xestión do tecido humano. Na mesa participou o seguinte profesorado da UDC: D^a. María del Carmen Rodríguez Rodríguez, do Grupo de Análise e Prospectiva Sociopolítica (LAPSO) coa intervención Lume! Reflexionar sobre o bosque para abordar os incendios; D. José A. Cortés-Vázquez, do Grupo de Estudos Territoriais (GET) coa intervención Tempos porcos: a DANA e a cotiandade das catástrofes climáticas; e D^a. Keina Espiñeira González, do Equipo de Investigación Sociedades en Movemento (ESOMI), coa intervención A migración forzada ecolóxica e as raíces globais da desigualdade ambiental.

Experiencias de éxito en economía sustentábel: empresas do noso contorno

DATA: 27/03/2025

LUGAR: Fac. de Economía

ASISTENCIA: 70 persoas.



Nesta mesa redonda que tivo lugar na FEE, contouse con catro persoas relatoras: Pedro Otero (Ultramic), Pedro Tasende (Aporta Comunicación Ambiental), Seda Nikoghosyan (The Fruit Shop) e Guillermo Iglesias (Master Economía Circular), que realizaron os seus traballos en campos relacionados coa sustentabilidade. Tivemos a oportunidade de escoitar experiencias reais e moi diversas, que conseguiron que o alumnado coñecese diversas saídas laborais dentro desta área de coñecemento.

Novos proxectos industriais e movementos en defensa do territorio: o caso de Altri

DATA: 27/03/2025
LUGAR: Fac. de Dereito
ASISTENCIA: 28 persoas




A Facultade de Dereito acolleu unha mesa redonda na que se abordaron os efectos socioambientais do proxecto industrial de Greenfiber, participada por Altri e Greenalia, promotora do Proxecto Gama para a implantación dunha factoría macrocelulosa no concello de Palas de Rei, Lugo.

No evento participaron representantes académicos do ámbito do Dereito e a Bioloxía, e dos movementos sociais, veciñais e ecoloxistas, que cun alto nivel de rigorosidade na información achegada, expuxeron a situación legal, ambiental e social do proxecto, cun forte impacto nos tres niveis. Reflexionouse sobre o papel dos movementos sociais na defensa do territorio, e completouse cun diálogo aberto que puxo voz á importancia de seguir creando espazos de reflexión crítica dende o ámbito universitario.

Método Arcón. Recoñecido como destacado avance científico e legado transcendental en ben da humanidade

DATA: 06/03/2025
LUGAR: Fac. CC. Saúde
ASISTENCIA: 22 persoas



Nesta charla explicouse en que consistía o Método Arcón, unha técnica de adestramento canino creado por Jaime Parejo en 1944 para mellorar a busca e rescate en desastres, como terremotos ou avalanchas. Incluso se utiliza para detectar casos de COVID-19. Baséase en potenciar a autonomía, a motivación e a concentración do can; aumentando a súa eficiencia e sendo superior aos métodos tradicionais. Adoptouse xa en varios países e trátase dunha referencia a nivel mundial.

Green is the New Black: Retos no desenvolvemento do software e a IA

DATA: 07/03/2025

LUGAR: Sala Cloud, CITIC.

ASISTENCIA: 19 persoas



A catedrática da Universidade de Castilla – La Mancha, Coral Calero Muñoz, impartiu unha charla incluída no ciclo da Cátedra INDITEX-UDC, sobre a sustentabilidade do software. Este abrangue tres dimensións que deben terse en conta ao deseñar novas aplicacións: a económica, a social e a ambiental. Esta última é a que se coñece como *green software* e céntrase en reducir o impacto ambiental do desenvolvemento e uso das aplicacións informáticas.

O seu obxectivo, ademais da divulgación científica, é “ofrecer ás empresas de desenvolvemento de software ideas e consellos para que os seus deseños sexan máis verdes”. Foi unha charla que fixo reflexionar e ver as tecnoloxías desde unha perspectiva consciente co medio ambiente.

A comunidade das hortas da UDC

DATA: 10/03/2025

LUGAR: Parcelas das hortas comunitarias da UDC

ASISTENCIA: 15 persoas



Incluído no programa xeral de formación para persoas usuarias das hortas da UDC no Campus de Elviña, o enxeñeiro agrónomo Xan Pouliquen, recibiu ao novo grupo de persoas adxudicadas con parcela no ano 2025. A xornada ofreceu formación técnica para a agricultura ecolóxica no campus, e facilitou ás persoas asistentes a resolución das súas dúbidas para o traballo hortícola.

Residuos e compostaxe

DATA: 11/03/2025

LUGAR: Fac. CC. Educación

ASISTENCIA: 28 persoas



Palestra impartida por Verónica Torrijos, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC.

Durante a sesión, afondouse nas claves para reducir a produción de residuos e na importancia da compostaxe como ferramenta de economía circular. Verónica explicou os procesos biolóxicos que interveñen na compostaxe, os erros máis comúns no uso dos composteiros e como corríxilos. Despois da parte teórica, realizouse unha visita á área de compostaxe da Facultade de Ciencias da Educación, onde se representou unha sesión de mantemento: homoxeneizado do residuo con material estruturante, corrección da humidade e rexistro da temperatura.

Foi unha interesante xornada de aprendizaxe práctica, reflexión colectiva e toma de conciencia ecolóxica.

Alimentación saudable e sustentable

DATA: 11/03/2025

LUGAR: Fac. CC. Educación

ASISTENCIA: 33 persoas



Charla impartida polo equipo de Nutrición en colaboración con UDC Saudable.


A actividade contou cunha participación activa na que se reflexionou sobre como a alimentación diaria pode ter un menor impacto ambiental, destacando aspectos como o consumo de produtos de proximidade, a redución de alimentos ultra procesados e o aproveitamento responsable dos recursos naturais. As persoas asistentes recibiron recomendacións prácticas para levar unha dieta máis consciente e respectuosa co medio.

Calcula a túa pegada ecolóxica

DATA: 12/03/2025

LUGAR: EU Deseño Industrial Ferrol

ASISTENCIA: 71 persoas



Charla con parte eminentemente práctica na que a técnica da Oficina de Sustentabilidade, Verónica Torrijos, expuxo a situación do impacto dos nosos hábitos diarios no medio ambiente, facéndooos cuantificables a través da pegada de carbono.

A sesión completouse coa práctica de cálculo da pegada de carbono do consumo de roupa e calzado, desenvolta pola antiga Oficina de Medio Ambiente no aplicativo Emapic da UDC, en software libre e accesible en: <https://emapic.es/custom/ods>

Eficiencia enerxética na UDC

DATA: 12/03/2025

LUGAR: U. Senior, Ed. Normal UDC.

ASISTENCIA: 18 persoas



A palestra foi impartida por Jesús Giz, Técnico Superior de Mantementos da UDC, e consistiu na explicación en detalle das accións que se levan a cabo na propia universidade co obxecto de mellorar a eficiencia enerxética. Algúns exemplos citados foron a implantación de paneis fotovoltaicos, o cambio de luminarias a LEDs, ou os mecanismos recuperadores de calor que substitúen a ventiladores eléctricos que teñen un elevado gasto enerxético.

Residuos, incineración e saúde

DATA: 13/03/2025

LUGAR: CUR

ASISTENCIA: 26 persoas.



Palestra impartida polo enxeñeiro e biólogo Fernando Palacios Arribas. Introduciu coñecementos técnicos sobre a incineración termoeléctrica, proceso que se leva a cabo na planta de residuos de Cerceda (Sogama). Falta de datos públicos e de desglose dos mesmos foron cuestións nomeadas na falta de rigorosidade do proxecto impulsado pola Xunta de Galicia. Esta falta de rexistro de emisións atmosféricas fai prever sancións da Unión Europea. Trátase dunha contaminación difusa que afecta principalmente aos concellos limítrofes á planta. No exemplo social de implicación para a sustentabilidade, citouse o caso similar dun pobo de Italia, onde a veciñanza conseguiu que o Tribunal Superior da Unión Europea fallase ao seu favor.

Cociña rápida e saudable

DATA: 14/03/2025

LUGAR: Fac. Ciencias, Teams.

ASISTENCIA: 15 persoas



A palestra sobre cociña rápida e saudable impartida por Nutriciona ofreceu información práctica para mellorar a nosa alimentación de forma sinxela e eficaz. Tras unha breve presentación sobre a entidade, a relatora explicou o concepto do prato de Harvard como ferramenta clave para equilibrar as comidas, e deu consellos para ter unha despensa saudable, compartindo ideas creativas para preparar pratos novos e planificar menús. En definitiva, foi unha charla moi útil e interesante que mostrou que cociñar de xeito saudable, económico e sostible é máis fácil do que pensábamos.

Fronte ao lixo mariño: cultura oceánica

DATA: 14/03/2025

LUGAR: Fac. CC. Educación

ASISTENCIA: 32 persoas.



A palestra impartida por Laura Calvo, Educadora ambiental do CEIDA, pretendeu sensibilizar á audiencia sobre as cantidades de lixo que se acumulan nas praias galegas por mor dunha mala xestión de residuos, sobre todo plásticos. A conferenciante insistiu na importancia da reciclaxe e animou ao alumnado a considerar as súas decisións do día a día, que poden ser modificadas para paliar esta problemática. O exemplo máis impactante foron as imaxes da praia de Riazor tras o San Xoan, e tamén doutras praias galegas nas que se atoparon, por exemplo, envases de iogur fabricados 40 anos atrás. Foi unha palestra moi enriquecedora e concienciadora sobre a situación actual dos océanos.

Eco-auditoría da auga

DATA: 18/03/2025

LUGAR: Fac. CC. Educación

ASISTENCIA: 34 persoas



O profesor Manuel Soto, catedrático de Enxeñaría química da UDC, impartiu unha palestra con enfoque práctico e educativo. Durante a sesión, explicou como realizar unha auditoría do consumo de auga nos fogares e en centros escolares, partindo da observación de hábitos de consumo, a análise de facturas, a identificación de tipos de equipamentos e posibles perdas, así como da forma de cálculo para estimación dos volumes consumidos.

A sesión completouse coa presentación da ferramenta para o cálculo de caudais de billas e cisternas, desenvolta pola antiga Oficina de Medio Ambiente no aplicativo Emapic da UDC, en software libre e accesible en: <https://emapic.es/custom/oma>

Por unha Intelixencia Artificial que respecte o medio ambiente: retos e oportunidades

DATA: 19/03/2025
LUGAR: Fac. Dereito
ASISTENCIA: 11 persoas



Charla impartida polo profesor da UDC Javier Sanz Larruga, en representación da Cátedra Inditex IA en Algoritmos verdes, quen nos achegou unha perspectiva e coñecementos que son de vital importancia para contribuír a unha mellora para a sustentabilidade desde hábitos diarios no traballo coa tecnoloxía que contén ferramentas de intelixencia artificial. Moita enerxía para procesamento de datos, crecemento exponencial de consumo son os escenarios actuais que teñen o reto de mellora coa implantación da IA verde.

Saúde e benestar no interior de edificios, certificado WELL

DATA: 20/03/2025
LUGAR: ETS Arquitectura
ASISTENCIA: 10 persoas



Charla impartida pola arquitecta Rosalidia Álvarez, centrada na importancia de incorporar criterios de saúde e benestar no deseño arquitectónico, unha idea clave da certificación internacional WELL. Aspectos como a calidade do aire, a luz natural, o confort acústico, a alimentación, a actividade física ou a saúde mental son protagonistas no deseño de edificios. A relatora puxo exemplos de proxectos reais e a charla rematou cun coloquio participativo e coa información sobre un curso de formación en certificación WELL que imparte o seu Centro Tecnolóxico ITG.

O clúster Viratec e a economía circular: axentes do ecosistema ambiental en Galicia

DATA: 20/03/2025

LUGAR: Fac. Economía e Empresa

ASISTENCIA: 77 persoas




Charla impartida por Ana Botas Cal, xerente de Viratec, que desenvolveu un interesante relatorio sobre as diversas actividades deste Clúster, que ten como obxectivo principal o impulso da sustentabilidade ambiental e a economía circular en Galicia. Con esta sesión, o alumnado participante da Facultade de Economía e Empresa, tivo a oportunidade de aprender sobre o sector ambiental en Galicia e de reforzar a súa concienciación.

Alimentación saudable e sustentable

DATA: 27/03/2025

LUGAR: U. Senior

ASISTENCIA: 56 persoas



Nutriciona SL impartiu unha palestra na que comezou falando sobre a alimentación saudable, que debe ser suficiente, completa, equilibrada, asumible e tamén sustentable. Insistiu no último termo, con exemplos en todos os grupos de alimentos. En canto aos peixes, opción poucas veces contemplada, falou das formas de pesca máis sustentables; tamén falou das formas de compra local e de tempada; a diferenza de etiquetaxe e calidade de produtos ecolóxicos; da importancia da redución de envases e embalaxes e as posibilidades da compra a granel na contorna da Coruña. Explicou que se trata de cuestións que ademais favorecen o aporte nutricional, sendo máis respectuosos co medio ambiente.

Importancia da contorna nas Enfermidades Raras

DATA: 27/03/2025

LUGAR: Fac. Fisioterapia

ASISTENCIA: 81 persoas



Palestra foi impartida por Cristina Suárez, fisioterapeuta da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC). Cristina explicou o concepto de enfermidades raras e detallou a maneira de traballar nese ámbito, e en concreto desde a súa entidade. FEGEREC ofrece atención integral cun enfoque multidisciplinar para mellorar a calidade de vida e favorecer a integración e participación destas persoas en diferentes ámbitos.

Na súa intervención, Cristina tamén puxo de manifesto o impacto do cambio climático nestas enfermidades, como a fatiga pola calor, ou como a contaminación aumenta a prevalencia e o risco de padecer tipoloxías de enfermidades raras.

Repair café

DATA: 13 e 20/03/2025

LUGAR: ETSE Camiños (Coruña), e Ed. Apoio ao Estudo (Ferrol).

ASISTENCIA: 15 persoas.



Durante as dúas xornadas, persoas voluntarias de Enxeñaría Sen Fronteiras axudaron a reparar dispositivos electrónicos, como radios, portátiles e pequenos electrodomésticos. Na Coruña, tamén se acolleron bicicletas na xornada de reparación.

Mentres se realizaron as reparacións, as persoas asistentes puideron aprender sobre o funcionamento interno dos seus aparellos. O obxectivo do evento foi a sensibilización sobre a vida útil dos dispositivos, a redución dos residuos electrónicos e a promoción dunha cultura da reparación.

Visita á horta e área de compostaxe

DATA: 14/03/2025

LUGAR: Campus Esteiro

ASISTENCIA: 7 persoas



Xavier Picos, da Asociación Picos do Sol, entidade encargada da dinamización das hortas e compostaxe no Campus de Ferrol, explicou o proceso de compostaxe e a importancia da separación en orixe dos residuos. Na sesión fíxose a análise en directo do contido dos composteiros, atopando materiais impropios, o cal xerou debate no grupo: falouse da falta de información, e da necesidade de toma de conciencia. Analizouse que a correcta compostaxe non conleva problemas técnicos, mais iso implica o bó funcionamento da compoñente social. A visita tamén incluíu un paseo explicativo pola horta do campus.

Experiencia práctica de compostaxe

DATAS: 19/03/2025

LUGAR: U. Senior, Normal.

ASISTENCIA: 34 persoas.



Actividade práctica monitorizada por Verónica Torrijos, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC, que comezou cunha breve introdución sobre a xestión dos residuos orgánicos na Universidade e o funcionamento das áreas de compostaxe, para continuar coa experiencia práctica de identificación dos organismos macroinvertebrados dunha mostra real de compost producido na UDC, co apoio de chaves dicotómicas para a súa identificación. As persoas participantes concluíron que a ampla biodiversidade atopada nas mostras reflicte a boa calidade do produto, e a súa valiosa utilidade para o emprego como fertilizante de primeira calidade nas hortas urbanas da mesma universidade.

Xornada de intercambio de plantas

DATA: 12/03/2025

LUGAR: Fac. Ciencias

ASISTENCIA: 60 persoas



A xornada a cargo da Asociación UDC Big-Bang, recibiu alumnado da Facultade de Ciencias que puido levar para as súas casas variedade de plantas e sementes, en total unhas 60 persoas puideron gozar da interesante xornada.

Proxecto Ríos

DATA: 24,25,27/03/2025

LUGAR: Río Lagar

ASISTENCIA: 87 persoas.



Proxecto Ríos é unha iniciativa da asociación ecoloxista ADEGA, que coordina máis de 300 grupos de voluntariado para a inspección da calidade físico-química e biolóxica dos ríos.

Cinco das xornadas foron totalmente prácticas, no propio río Lagar ao seu paso polo Campus de Elviña, e a sexta xornada consistiu na charla teórica da metodoloxía e historia do Proxecto Ríos, que no 2025 cumpre 20 anos de continuidade.

Os cinco grupos de prácticas empregaron os materiais necesarios para a inspección: fichas identificativas de flora, fauna e macroinvertebrados, reactivos para rexistro de pH, osíxeno disolto, nitratos, turbidez da auga, entre outros. Como resultado, obtívose un índice de calidade “Moderado”, ou nivel 3 nunha escala do 1 ao 5.

“Foi unha actividade práctica moi entretida, descubrimos a natureza que está no noso campus.”

Obradoiro artístico de reutilización creativa

DATA: 26/03/2025

LUGAR: Fac. CC. Saúde

ASISTENCIA: 16 persoas



Obradoiro monitorizado pola terapeuta ocupacional Jéssica Martín. Completáronse as prazas ofertadas, principalmente por alumnado da FCS. Constou dunha dinámica introdutoria sobre residuos vs. elementos naturais que se atopan nas praias. Continuou cunha quenda de xogos en pequenos grupos relacionados co coidado do medio ambiente. En terceiro lugar, cada grupo creou e presentou unha peza artística con materiais de refugallo, contextualizada nunha mensaxe ambiental ideada por eles e elas mesmas.

Limpeza do entorno natural do Campus de Oza

DATA: 19/03/2025

LUGAR: Campus de Oza

ASISTENCIA: 29 persoas



Esta actividade de voluntariado ambiental foi monitorizada por Jéssica Martín, terapeuta ocupacional con ampla experiencia en accións de sustentabilidade. Tras unha breve introdución sobre o impacto dos residuos nos diversos ecosistemas do medio natural, e o reparto do material necesario, as persoas participantes pasearon as zonas verdes do campus, recollendo todo o lixo do chan, e depositando separadamente as cabichas, ao seren un residuo moi numeroso e característico destes espazos. Ademais, a súa recollida separada, permitiu contabilizalas e facer sensibilización para vida saudable sen tabaco. Tamén se clasificou por tipo de materiais o resto de residuos recollidos, para poder depositalos ao remate no seu contedor correspondente.

Visita EDAR Cabo Prioriño

DATA: 28/03/2025

LUGAR: Campus de Ferrol

ASISTENCIA: 37 persoas



Á chegada á Estación Depuradora de Augas Residuais, o persoal explicou en aula o funcionamento das distintas partes da estación. A continuación a visita foi guiada por toda a planta, realizando breves paradas para explicacións específicas e para atender as dúbidas xeradas. Para rematar, desprazámonos ata A Malata, onde observamos o funcionamento do recinto enterrado do proxecto de bombeo.

Debullando o Prato de Harvard

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: EP Enxeñaría Ferrol.

VISITANTES: 80 aprox.



Nesta exposición preséntanse as bases da estratexia de alimentación do Prato de Harvard, que consiste en fomentar unha dieta saudable coa composición proporcional das doses diarias dos grupos alimentarios de verduras, hidratos de carbono, proteínas e graxas. Ademais contén información sobre alimentación ecolóxica, de proximidade e comercio xusto. Exposición elaborada pola entidade Nutriciona en colaboración con UDC Saudable, que pode visitarse na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/actualidade/Prato-de-Harvard.pdf_2063069239.pdf

Alimentación saudable e sustentable

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: Ed. Apoio Estudo, Ferrol.

VISITANTES: 80 aprox.



Exposición elaborada pola entidade Nutriciona en colaboración con UDC Saudable. Hai múltiples cuestións que poden favorecer que a nosa cesta da compra sexa máis sustentable. Desde os lugares onde mercamos e os envases que consumimos, ata a conservación dos alimentos unha vez no fogar teñen un impacto na pegada ecolóxica relacionada coa alimentación. Saber como reducila está nas nosas mans. Visítala na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/galeria_down/actualidade/Exposicion_COMPRA-SAUDABLE-E-SOSTIBLE.-MARZO-SAUDABLE-2.pdf 2063069239.pdf

Enxeñaría para a sustentabilidade: CaminoS sostenibles

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: ETSE Camiños, Canais e Portos.

VISITANTES: 80 aprox.



A ETSE de Camiños, Canais e Portos elaborou a exposición composta por pósters que contiñan exemplos dos traballos realizados polo profesorado e persoal de investigación do centro, co obxecto de poñer en relevancia a contribución da enxeñaría civil para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU, ODS2030.

Coñeces o teu móbil

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: ETSE Camiños, Canais e Portos.

VISITANTES: 80 aprox.



Exposición elaborada por Enxeñaría Sen Fronteiras, na que se poden coñecer as compoñentes dos teléfonos móbiles, minerais dentro de cada compoñente, a súa procedencia e os conflitos na súa extracción.

Compañeiras do mar e do ceo

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: Fac. CC. Educación

VISITANTES: 80 aprox



Exposición do CEIDA que achegou ao público información sobre as aves mariñas que habitan o litoral galego e o impacto das actividades humanas, como a pesca ou a contaminación, nas súas vidas.

Recibiu unha visita guiada o 11 de marzo, complementando as actividades do Marzo Ambiental, e ofrecendo un espazo para a reflexión e aprendizaxe sobre os ecosistemas costeiros.

A Pegada das mensaxes feministas

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: Panel itinerante

VISITANTES: 80 aprox.



Póster elaborado polas bolseiras da Oficina de Sustentabilidade, que se localizou durante unha semana en varios centros da Universidade da Coruña, convidando á comunidade universitaria a escribir e pegar mensaxes feministas relacionados co medio ambiente e a sustentabilidade. A proposta, sinxela pero impactante, converteu as follas de papel nun mural colectivo de conciencia e reivindicación.

Cultura oceánica

DATA: do 6 ao 31 de marzo

LUGAR: U. Senior, Ed. Normal.

VISITANTES: 80 aprox.



Esta exposición do CEIDA contén información científica, imaxes impactantes e recursos interactivos para explicar temas clave como a biodiversidade mariña, a contaminación, o cambio climático e o concepto de alfabetización oceánica. Más aló de informar, busca xerar reflexión e compromiso, resaltando o papel da cidadanía na conservación do mar.

Residuos na UDC, modelo Nostián

DATA: do 1 ao 31 de marzo

LUGAR: Fac. Filoloxía.

VISITANTES: 80 aprox



Esta exposición elaborada pola antiga Oficina de Medio Ambiente da UDC, trata a xestión do lixo desde unha dobre perspectiva; por unha banda, achega información sobre o contexto galego e coruñés e, por outra, promove a sensibilización ambiental, destacando o Modelo Nostián, caracterizado pola recollida separada da fracción orgánica, e que atinxe á UDC nos seus campus da Coruña. A exposición encóntrase dixitalizada na seguinte ligazón: https://udc.es/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/e_xpo-residuos/. Ademais na seguinte canle YouTube pode seguirse unha visita guiada polo Técnico de Medio Ambiente do Concello da Coruña: <https://www.youtube.com/watch?v=NYYEvnnmKA8&t=147s>

A pegada ecolóxica no mundo, Galiza e UDC


DATA: do 6 ao 31 de marzo
LUGAR: Fac. Economía e Empresa.
VISITANTES: 80 aprox.



Esta exposición conta con datos da pegada ecolóxica no mundo, en Galiza e na UDC. A pegada ecolóxica na UDC avalíase como a suma de oito compoñentes: mobilidade (49,1% da pegada total), electricidade (24,1%), edificación (14,8%), combustíbeis fósiles (9,0%), territorio (2,1%), consumo de papel (0,5%), xeración de residuos (0,2%) e consumo de auga (0,2%). Elaborada pola Federación Ecoloxista Galega, a SGEA, e a antiga OMA-UDC.

Verde FIC

DATA: do 6 ao 31 de marzo
LUGAR: Fac. Informática UDC
VISITANTES: 80 aprox



Póster con contidos de sensibilización ambiental no eido das tecnoloxías. Inclúe consellos prácticos e accesibles, adaptados á realidade do día a día no centro de ensino, dirixido especialmente ao alumnado da Facultade de Informática da UDC. Centrouse en catro ámbitos clave: a xeración de residuos, a intelixencia artificial, a eficiencia enerxética e a mobilidade sostible.

4. Participación e avaliación

4.1. Alcance, horas de formación e participación

Alcance Marzo Ambiental 2025

Por unha banda, suman 879 persoas participantes e 1.270 horas totais de dedicación nas actividades formativas programadas con inscrición previa.

Ademais, promoveuse a implicación noutras accións de sustentabilidade que chegaron a 279 persoas con 99 horas de dedicación, a través das seguintes iniciativas:

- Ferramentas Emapic para o cálculo da pegada de carbono persoal, que no mes de marzo rexistraron 168 novas entradas.
- Concursos de fotos nas Facultades de Ciencias e Ciencias da Saúde, a través da coordinación dos comités Green Campus e a participación do Servizo de Publicacións da UDC. Foron 51 persoas que presentaron as súas obras aos concursos.
- Xornada de intercambio de plantas, unha acción coordinada pola Asociación UDC Big Bang, estimou a participación dunhas 60 persoas.

Na Táboa 1 móstrase o resumo das métricas de participación nos módulos do Marzo Ambiental 2025, alcanzando as 1.158 persoas con 1,2 horas de dedicación media per cápita.

Táboa 1. Resumo métricas de alcance Marzo Ambiental 2025. C: conferencias e charlas; M: mesas redondas; O: obradoiros; V: voluntariado ambiental.


	Nº persoas	Nº horas	horas/persoa
Actividades teóricas (C+M)	638	772	1,2
Actividades prácticas (O+V)	241	498	2,1
Ferramentas pegada de carbono	168	68	0,4
Participantes concursos fotos	51	13	0,3
Intercambio de plantas	60	18	0,3
C+M+O+V	879	1.270	1,4
Outras participacións	279	99	0,4
TOTAL	1.158	1.369	1,2

Horas de formación e participación


O rexistro de participación nos módulos C+M+O+V (879 persoas), tivo a distribución por actividades que se detalla na Gráfica 1. O mínimo de participantes foi de 10 persoas, mais a media de asistencia ascendeu a de 37 persoas/actividade, e en global cunha dedicación de 1,4 horas/persoa e actividade. A dedicación en tempo por persoa sumou 1.270 horas.

No ano 2025 ofertáronse en total 33 actividades de temática variada relacionada coa sustentabilidade. Aínda que 9 delas tiveron que ser canceladas por inscricións insuficientes (o

27% da programación), a restante programación contribuíu á consolidación do 8º ciclo Marzo Ambiental na Universidade da Coruña. A distribución de participación por tipo de actividade, acolleu ao 73% de persoas en actividades teóricas (conferencias, mesas redondas), e o 27% restante (241 persoas) optou pola participación en voluntariado e obradoiros. Na Gráfica 2 pode verse a evolución da participación das 8 convocatorias Marzo Ambiental na UDC, desde o ano 2018 ata o 2025.



Gráfica 1. Participación Marzo Ambiental 2025. O: Obradoiro; C: Charla; M: Mesa redonda.




Gráfica 2. Número de persoas participantes nas convocatorias Marzo Ambiental UDC. Anos 2019, 2020 e 2023 foron ciclos de entre 10 e 15 días, non todo o mes. Ano 2018 incluíu todas actividades relacionadas con *Educando para a Sustentabilidade*, porque aínda non se iniciara este ciclo temático.

4.2. Valoración das persoas participantes




A valoración do Marzo Ambiental 2025 fíxose a través dun formulario web enviado a lista de todas as persoas participantes. Obtivéronse 225 participacións das que o 93% salientou unha valoración global de Boa ou Moi boa (Gráfica 3a), recomendando a outras persoas a participar en futuras edicións de Marzo Ambiental na UDC (73%) (Gráfica 3b).




Gráfica 3. (a) Valoración global do Marzo Ambiental 2025; (b) Resposta a “Recomendarías ás túas amizades participar na vindeira convocatoria de Marzo Ambiental na UDC?”, onde o 73% indica “Si, sen dúbida”, e o 25% “Si, a algunhas actividades”. Nesta cuestión só unha persoa indicou que recomendaría o Marzo Ambiental só cando houbo o recoñecemento de créditos, e ningunha persoa pensa que “Non o recomendaría”.

Ademais analizouse a capacidade de estimulación do contido formativo ofertado, cunha dobre pregunta, do “antes” e o “despois” de ter participado, encontrando a seguinte distribución: Aínda cando o 62% das persoas enquisadas consideraron os seus coñecementos iniciais como bastantes ou moitos, o ciclo Marzo Ambiental conseguiu sensibilizar en grande medida, ascendendo ao 88% das persoas enquisadas que os contidos recibidos neste ciclo de formación melloraron e especialmente foron clave para a súa percepción da sustentabilidade.



Gráfica 4. Análise da capacidade de formación e sensibilización do ciclo Marzo Ambiental 2025.

Finalmente, cómpre indicar que a tendencia de divulgación non parece verse mellorada pola capacidade das redes sociais, dado que as vías clásicas de correo-e e especialmente a difusión directa a través do profesorado, seguen sendo clave na difusión á comunidade universitaria. O detalle das vías de comunicación que chegaron ás persoas participantes, móstranse na Gráfica 5.



Gráfica 5. Resposta no formulario de valoración á pregunta: *Como soubeches do Marzo Ambiental?*



Agradecementos

Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, Servizo de Arquitectura e Urbanismo, UDC Saudable, Profesorado mencionado no programa.

Colaboracións

Comités ambientais Green Campus UDC, e Persoal bolseiro OdS-GC.

Coordinación

Armand Hernández Hernández, Director Oficina de Sustentabilidade.

Organización

Verónica Torrijos Pérez, técnica da Oficina de Sustentabilidade.